

ABAU 2024
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS
(Cód. 62)

Proba escrita (10 puntos)

Pregunta 1

Puntuación: **2,5 puntos**

Test de comprensión sobre o texto.

O alumnado contestará verdadeiro ou falso a unha serie de preguntas sobre o texto. Cada unha das dez preguntas valorarase con 0,25 puntos.

Respostas correctas:

Texto 1 (1.1.)

1.1.1. **F**; 1.1.2. **F**; 1.1.3. **F**; 1.1.4. **F**; 1.1.5. **V**; 1.1.6. **F**; 1.1.7. **V**; 1.1.8. **V**; 1.1.9. **V**;
1.1.10. **F**.

Texto 2 (1.2.)

1.2.1. **V**; 1.2.2. **V**; 1.2.3. **V**; 1.2.4. **F**; 1.2.5. **V**; 1.2.6. **V**; 1.2.7. **F**; 1.2.8. **F**; 1.2.9. **F**;
1.2.10. **F**.

Pregunta 2

Esta pregunta ten por obxectivo verificar o coñecemento práctico dos aspectos léxicos e morfosintácticos da lingua sobre o TEXTO 1. Pedirase ao alumnado, preferentemente, que transforme ou complete estruturas oracionais, substitúa elementos dunha oración, etc. e que busque sinónimos no texto correspondente.

A valoración específica dentro de cada apartado será a que figure nos enunciados correspondentes da pregunta 2.

EXEMPLOS DE RESPOSTA :

PREGUNTA 2.1.1.

Elle en rêve.

PREGUNTA 2.1.2.

Léa et Manon y participent par exemple.

PREGUNTA 2.2.

Sinónimos: *pourtant, donc, désormais.*

Pregunta 3

Esta pregunta ten por obxectivo verificar o coñecemento práctico dos aspectos léxicos e morfosintácticos da lingua sobre o TEXTO 2. Pedirase ao alumnado, preferentemente, que transforme ou complete estruturas oracionais, substitúa elementos dunha oración, etc. e que busque sinónimos no texto correspondente.

A valoración específica dentro de cada apartado será a que figure nos enunciados correspondentes da pregunta 3.

EXEMPLOS DE RESPOSTA :

PREGUNTA 3.1.1.

On détruit des écosystèmes entiers sous l'effet de la bétonisation ou de la déforestation.

PREGUNTA 3.1.2.

Des vagues de vacanciers y déferlent.

PREGUNTA 3.2.

Sinónimos: *hébergement, pénurie, foules.*

Pregunta 4-Título e resumo

Puntuación: **2,5 puntos**

A pregunta 4 pretende avaliar a capacidade comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita. Nos apartados 4.1.1. e 4.2.1. o estudante deberá facer un breve resumo do texto (2 puntos), que será puntuado segundo os seguintes criterios:

1. O alumno/a identificou as ideas principais do texto e resumiunas sen incluír información secundaria ou anecdótica. 2. O alumno/a expresou estas ideas en aproximadamente 50 palabras, sen copiar literalmente do texto, con coherencia, claridade, cohesión, razoable corrección gramatical e léxico axeitado ao tema.

Exemplos de resposta / Solucións

Nos apartados 4.1.2. e 4.2.2. pedirase ao estudante que engada un título ao texto (0,5 puntos) que sexa esclarecedor e suficientemente específico.

Pregunta 5-Redacción

Puntuación: **2,5 puntos**

A pregunta 5 pretende avaliar a capacidade comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita.

Pedirase ao estudante que faga unha pequena redacción en francés cunha extensión en torno a setenta e cinco ou cen palabras cuxo tema estará relacionado coa temática do texto proposto.

Os **2,5 puntos** outorgaranse segundo a medida na que o alumnado cumpra cos seguintes parámetros:

- a) **Adecuación:** O alumnado aborda adecuadamente o tema proposto. Sabe comunicar as ideas que quere transmitir utilizando unha considerable variedade de recursos. Utiliza un rexistro de lingua adecuado.
- b) **Fluidez na expresión e corrección morfosintácticas:** As frases ou grupos de palabras están construídos correctamente. Non hai erros suxeito-predicado, colocación e uso dos pronomes, concordancia suxeito-verbo/adxectivo-sustantivo, etc. Exemplo: uso correcto dos pronomes ou conxuncións entre frases ou grupos de palabras, uso adecuado das preposicións, uso do “ne” dentro da negación, etc., uso correcto dos tempos ou modos verbais, etc.
- c) **Ortografía:** A palabra está escrita correctamente segundo o dicionario (inclúe o uso da maiúscula e minúscula ao principio da palabra) e as regras gramaticais: concordancias correctas en xénero ou número, concordancia verbal axeitada, escritura correcta de homófonos gramaticais (ex. : *à/a, où/ou, est/ait*), etc.
- d) **Riqueza e control do vocabulario:** O alumno sabe utilizar un vocabulario preciso, correcto e relacionado co tema. A palabra ou expresión utilízase de forma correcta: non confusión de palabras, precisión, ausencia de pleonasmos ou repeticións abusivas, ausencia de anglicismos, etc.
- e) **Estrutura do texto:** organización, presentación das ideas, encadeamentos lóxicos, estrutura clara do texto. O alumno sabe expresar e estruturar adecuadamente as súas ideas.

Exemplos de resposta / Solucións

Non se repite nin se inclúe información irrelevante. Uso adecuado dos conectores (cohesión) e correcta organización das ideas dando lugar a un texto ben estruturado e coherente (coherencia). Uso correcto da puntuación: os signos de puntuación ou signos tipográficos non se omiten e o seu uso é adecuado.

Pregunta 6-Descripción

Puntuación: **2,5 puntos**

A pregunta 6 pretende avaliar a capacidade comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita.

Pedirase ao estudante que faga unha descrición en francés, coherente e realista, cunha extensión en torno a cincuenta ou setenta e cinco palabras. Terase en conta a ortografía, a morfosintaxe e a correcta expresión na lingua francesa.

Valorarase negativamente:

Non axustarse á extensión establecida: - 0,25 puntos.

Non axustarse a unha descrición realista (descrición xenérica, descrición comodín, descrición fóra do tema): -2 puntos.

RÚBRICA descrición

CRITERIOS	PUNTUACIÓN		
CONTIDO	1,5		
A descrición permite identificar inequivocamente o concepto descrito	0	0,25	0,5
A descrición é precisa e clara evitando as ambigüidades	0	0,25	0,5
O léxico é rico e variado evitando repetir palabras (uso de adxectivos cualificativos adecuados)	0	0,25	0,5
COHERENCIA E COHESIÓN	0,5		
Estrutura correctamente as oracións	0	0,25	
Estrutura as ideas en parágrafos ordenados e coherentes utilizando marcadores discursivos	0	0,25	
MORFOSINTAXE E ORTOGRAFÍA	0,5		
Fai un uso correcto da gramática (corrección ortográfica, concordancias, tempos verbais, masc./fem., sing./plurais, etc.)	0	0,25	
Utiliza os signos de puntuación necesarios	0	0,25	

